

## REUNIÓN DE MESA XERAL E MESA SECTORIAL DE PERSOAL FUNCIONARIO

Santiago de Compostela 17/02/25

O pasado venres tiveron lugar as reunións de Mesa Xeral de Sectorial de persoal funcionario, nas que se trataron as seguintes cuestións:

### MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS (ORDINARIA).

### PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE RPT: INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO.

### Consideracións de UGT: RPT TRAMPANTOJO

Tal e como se describe na memoria funcional “a consecuencia da funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia”, o IET pasou a ter 13 novos postos base do grupo A1 e 2 do grupo A2, entre outros; este persoal, con máis de trinta anos de experiencia, que ademais son enxeñeiros, arquitectos, biólogos, xeógrafos, sociólogos, licenciados en dereito... e con experiencia e formación contrastada en elaboración de cartografía e paisaxe ou a realización de estudos e traballos de investigación sobre o territorio galego, entre outros, a día de hoxe **perciben un salario igual que ao de calquera funcionario A1 que acaba de aprobar unha oposición** xa que ocupan postos base cun complemento de destino nivel 20. Esta anómala situación provoca unha alta mobilidade laboral deste persoal que busca, a través das comisións de servizos, outros postos mellor remunerados nas distintas consellerías; sen embargo, os seus postos quedan vacantes, xa que como afirma a propia DXEPAP “*non son apetecibles para o resto do funcionariado*” posto que se “*publicáronse os correspondentes anuncios de comisión de servizos para a cobertura dos postos sen ter solicitude algunha ao respecto*”.

Diante de esta grave situación, a Dirección Xeral de Emprego preséntanos un “**trampantojo**” na mesa de negociación: amortizar 6 prazas, entre elas a dun enxeñeiro de montes A1 que ven de solicitar unha excedencia voluntaria por un ano, e a súa vez, crear 3 xefaturas (1 Servizo e 2 Seccións) ás que ningún dos A1 e A2 do IET vai poder ocupar de forma definitiva nun concurso de traslados, xa que actualmente desempeñan postos base nivel 20.

En definitiva, parece inconcibible que a solución á mobilidade do persoal nese organismo autónomo sexa a creación de 3 novas prazas para o resto do persoal da Xunta de Galicia e seguir mantendo a grave problemática laboral que hai no IET. Con todo isto podemos afirmar que o malestar laboral inicial do persoal estase tornando en cabreo, tal e como nolo fan chegar.

Por outra banda, chegamos a esta Mesa Xeral cunha proposta de modificación de 5 prazas de especialistas en cartografía, que previamente no foi debatida na xuntanza anterior, nas que volven a caer na mesmo erro: crear 5 prazas, posto base **C1 nivel 14** (lembramos, por exemplo, que na Administración Xeral do Estado o nivel de entrada no C1 é o 16); é importante lembrar que estas prazas están sendo ocupadas por enxeñeiros e moitos deles son os que imparten formación sobre cartografía (ARGIS) na EGAP ao resto do funcionariado da Xunta de Galicia. Todo parece indicar que estamos nun *déjà vu* desta DXEPAP; é evidente que este persoal cualificado pedirá unha comisión de servizos noutra consellería en canto poda, parece o mais lóxico e chegados a ese caso supoñemos que a Dirección Xeral de Emprego Público nos volverá a convocar para crear mais xefaturas de servizo ou de sección; ao tempo!



Dende **UGT** mantivemos xuntanzas de traballo coa dirección do IET nas que presentamos alternativas e solucións a esta problemática que pasaban pola **creación da escala da Paisaxe e desenvolver a escala de Cartografía** e deste xeito promover unha modificación da RPT para valorar axeitadamente os complementos de destino e específicos do persoal do IET. Si realmente queren acabar coa “mobilidade” do persoal do IET xa saben o que teñen que facer.

## MESA SECTORIAL DE FUNCIONARIOS PÚBLICOS (ORDINARIA).

## MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE ESTRUTURAS.

Sen cambios na documentación dende a negociación en mesa previa (fai 8 meses).

### Consideración de UGT:

Entendemos que as funcións da praza que se crea (Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación) tal e como se reflicte na memoria funcional que acompaña a modificación desta RPT, así como a definición funcional dos órganos regulados na estrutura, supoñen unha concentración excesiva de responsabilidades nun único posto que entendemos ven dado por dar acomodo á nova realidade competencial impulsada polo decreto de estrutura da Consellería.

Expresamos tamén as nosas dúbidas á apertura de postos á administración local aínda que neste caso, e polas esixencias no desenvolvemento de tarefas asignadas, podería estar xustificado.

### ROLDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS:

- **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:**
  - Previsión de publicación da RPT e convocatoria da promoción específica (funcionarización do persoal laboral fixo): primeira quincena de marzo.
- **Categorías III-099 e IV-004:**
  - Publicación na última semana de febreiro da modificación da Resolución do 15/12/2023, para permitir a opción de que as persoas de estas categorías, que figuran na listaxe definitiva de admitidas e excluídas da Resolución do 25/03/24, podan facer efectiva a súa solicitude. A solicitude farase a través do PR004 establecendo un prazo de 15 días a partir do día seguinte ao da publicación en DOG.
- **Eleccións de destino dos procesos de estabilización:**
  - Teñen a previsión de poder informar a próxima semana de como se vai a proceder.
- **Funcionarización do persoal de GAIN:** preguntado pola execución deste proceso, responden que as prazas están na ope 2024.
- **Negociación de estatutos no INTECMAR:** non lles consta que este levándose a cabo ningunha negociación.
- **Procesos de funcionarización de persoas con prazas en excedencia:** están analizando como van a proceder.
- **Previsións de traspaso dos medios humanos e materiais do persoal da Admiración Xeral do Estado, que afecta á transferencia da xestión do litoral:**



- Responde a representante da Consellería de Medio Ambiente que está previsto que no primeiro trimestre deste ano se convoquen as reunións técnicas e no primeiro semestre se publique o real decreto de transferencia, pero que nestes momentos non teñen información da finalización do proceso.
- **Preguntamos de novo pola evolución do publicado no Decreto 12/2024, de persoal investigador que establecía prazos para o seu desenvolvemento e sobre os procesos de estabilización deste persoal, prazos xa sobrepasados.**
  - Responden dicindo que hai unha comisión que está traballando recollendo a información de todas as consellerías con competencia investigadora e que cando remate os seus traballos, teremos información.
  - Sobre a estabilización do persoal din que se realizará posteriormente, entendendo que si por motivos xustificadas non se puido convocar antes, non ven imposibilidade de poder convocar a través dunha próxima OPE.

